


MICROSCOPIA – TEORÍA CELULAR

1.- Pon nome as partes do microscopio sinaladas cun número e indica a función de cada unha.

1. **Ocular:** permite acceder visualmente á mostra, aumentando a imaxe da mesma.
2. **Parafuso micrométrico/macrométrico:** serve para enfocar as lentes.
3. **Obxectivo:** permite, xunto co ocular, aumentar a imaxe da mostra.
4. **Condensador/diafragma:** permite concentrar a luz que chega á mostra.
5. **Fonte de luz:** permite a iluminación da mostra.



2.- Se tiveses ó teu dispor un microscopio óptico con obxectivos de 4x, 10x, 40x, 100x. Cales das seguintes estruturas ou organismos poderías visualizar e con que obxectivos?: *virus da gripe, linfocito, mitocondria, a grana do cloroplasto, cromosoma, bacteria intestinal, ribosoma, gran de polen, mofo do pan, núcleo.*

- ➔ **Virus da gripe:** non se podería visualizar co microscopio óptico.
- ➔ **Linfocito:** con todos os obxectivos.
- ➔ **Mitocondria:** co obxectivo de 100x.
- ➔ **A gra do cloroplasto:** non se podería ver co microscopio óptico.
- ➔ **Cromosoma:** podería verse co obxectivo a partir de 40x.
- ➔ **Bacteria intestinal:** a partir do obxectivo de 40x.
- ➔ **Ribosoma:** non se pode observar co microscopio óptico.
- ➔ **Gran de pole:** a partir de 10x.
- ➔ **Mofo do pan:** pode verse a partir de 4x.
- ➔ **Núcleo:** a partir de 10x.

3.- a) Enumera e resume en catro puntos os principios da teoría celular moderna.

- ➔ Todo organismo vivo está formado por células. *A célula é a unidade estrutural dun ser vivo.*
- ➔ Cada célula procede da división doutra célula anterior e a información xenética transmítese dunha xeración á seguinte.
- ➔ As reaccións que constitúen o metabolismo teñen lugar nas células.
- ➔ A célula é a unidade vital que cumpre as tres funcións que caracterizan o ser vivo: *nutrición, relación e reprodución*

b) Con que tipo de microscopio se pode observar: *unha célula vexetal, unha célula animal, unha bacteria, a grana dun cloroplasto, unha mitocondria, un virus, os ribosomas?*

 Co microscopio óptico	célula vexetal célula animal bacteria mitocondria
 Co microscopio electrónico	A grana dun cloroplasto virus ribosomas